

PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC

IES MANUEL GARCÍA BARROS
A ESTRADA (Pontevedra)
Curso 2019-20

Coordinador TIC/Abalar: Gumersindo Monteagudo Domínguez

ÍNDICE:

1. Xustificación do plan de integración das TIC	3
1.1. Breve contextualización do centro	3
1.2. As TIC na educación	3
1.3. Necesidade dun plan de integración das TIC no noso centro	3
2. Obxectivos	4
2.1. Obxectivos xerais a acadar	4
2.2. Obxectivos concretos a curto prazo	4
2.3. Obxectivos a longo prazo	5
3. Desenvolvemento do plan	6
3.1. Utilización dos recursos TIC existentes no centro	6
3.2. Organización dos espazos do centro	6
3.3. Estratexias de coordinación e formación do profesorado	6
3.4. Plan de avaliación	6
3.5. Difusión do plan para o resto da comunidade educativa	7
3.6. Fomento de valores	7
3.7. Relación coa biblioteca escolar	7

1. Xustificación do plan de integración das TIC.

1.1. Breve contextualización do centro. Situación de partida.

O Instituto de Educación Secundaria “Manuel García Barros” da Estrada (Pontevedra) localízase na capital do concello do mesmo nome, na Avenida da Cultura, S/N.

A súa oferta educativa constitúena os catro cursos da ESO e o Bacharelato (modalidades de ciencias, humanidades e artes).

1.2. As TIC na educación.

A importancia das Tecnoloxías da Información e Comunicación ou TIC no ensino é cada vez maior e, neste contexto, o valor que representa para a sociedade galega a posibilidade do acceso á Sociedade da Información dende os centros educativos é incuestionable.

Afortunadamente, o atraso que Galicia levaba na implantación da nova Sociedade da Información respecto doutras comunidades foi minguando, en parte grazas ao progresivo aumento do emprego das TIC no ensino dado que:

- Formar ao alumnado galego nas TIC supón tamén formar á sociedade galega: os alumnos e alumnas de hoxe en día son os cidadáns de mañá.
- Formar ao alumnado galego mediante TIC supón unha serie de vantaxes incuestionables polas novas dimensións e posibilidades que aportan nos procesos de ensino-aprendizaxe, do que fan proba:
 - A gran cantidade de información interconectada a disposición do usuario, coa posibilidade engadida de que poida manipulala.
 - O apoio e mellora da labor docente ao permitir unha maior individualización e flexibilización do proceso educativo, así como a representación e transmisión da información mediante múltiples formas expresivas que normalmente resultan máis motivadoras para o alumnado.
 - A superación das limitacións temporais e xeográficas entre docentes, alumnado, familias e outros axentes da comunidade educativa.
 - A axuda a favorecer o acceso á formación en igualdade de condicións para toda a comunidade escolar.

1.3. Necesidade dun plan de integración das TIC.

O claustro de profesorado do IES Manuel García Barros é consciente da súa posición de partida:

- Un centro de tamaño medio, coas súas conseguíntes limitacións económicas e, polo tanto, de recursos de tipo informático, inda a día de hoxe mellorables.
- Os resultados académicos do alumnado, aínda que están na media da Comunidade galega, son e deben ser mellorados, polo que se fai aconsellable unha renovación pedagóxica cando menos no plano metodolóxico.
- En relación co anterior, segue existindo unha forte inqueda pola incorporación decidida das TIC no noso centro, dadas as vantaxes que á mellora no proceso de ensino-aprendizaxe proporcionan, tal e como se expuxo no apartado 1.2. Isto materializouse hai xa 10 anos coa implantación do proxecto Abalar no centro.
- A pesar do anterior, faise necesaria unha formación básica dos docentes na aplicación das TIC ao ensino, a cal permitirá pasar do nivel de mero usuario ao de creador de contidos para a aula.
- O alumnado do centro está moi receptivo e motivado cara a aquelas clases que

se lle impartan con medios informáticos, o cal comprobán día a día aqueles profesores que utilizan acotío estas tecnoloxías.

- É preciso unha maior formación de toda a comunidade educativa no que representan os riscos e consecuencias dun mal uso nas TIC.

Por todo o anterior, o centro atópase nunhas condicións axeitadas para encarar o reto individual e colectivo que supón a incorporación decidida das TIC ao ensino.

2. Obxectivos.

2.1. Obxectivos xerais a acadar.

- Seguir fomentando a páxina web do centro como espazo de comunicación e de colaboración con toda a comunidade educativa.
- Coordinar a acción do profesorado de distintas áreas e materias en relación ao traballo coas TIC.
- Facilitar o acceso ás TIC por parte do alumnado con necesidades educativas especiais para que supoñan un apoio e reforzo de aprendizaxes.
- Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, a súa motivación e o seu afán de coñecemento.
- Fornecer ao alumnado de estratexias para obter e xestionar a información conseguida mediante o uso das tecnoloxías da información e a comunicación.
- Utilizar programas e contornos que faciliten a consecución dos obxectivos propostos nas diferentes áreas do currículo.
- Utilizar os medios dixitais como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.
- Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente ao aproveitar as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e a comunicación.
- Empregar as tecnoloxías da información e a comunicación para o traballo cotián e nas actividades de aula: programacións, proxectos, explicacións, actividades...
- Consultar e obter información a través das tecnoloxías da información e a comunicación, tanto para temas profesionais como para experiencias interesantes para a súa actividade docente.
- Intercambiar experiencias, coñecementos, iniciativas... en diversas redes de colaboración como a Internet.
- Lograr a integración das TIC como medio dinámico de comunicación, de maneira que se constitúan nun elemento común de información e de contacto con todos os axentes do proceso educativo, facilitando a conexión entre eles.
- Poñer en marcha, a través da Asociación de Nais e Pais do centro, de mecanismos para aproveitar a infraestrutura tecnolóxica existente no concello e favorecer a adquisición por parte de nais e pais dos coñecementos necesarios para un uso proveitoso das TIC.
- Favorecer a superación das limitacións de acceso ás TIC derivadas das desigualdades sociais.
- Interiorizar por parte de toda a comunidade educativa cales son os riscos actuais dun uso inadecuado das TIC e as súas consecuencias.

2.2. Obxectivos concretos a curto prazo.

Entendendo por curto prazo o período que comprenderá o presente curso 2019-20 pretenderase acadar os seguintes obxectivos:

- Legalizar completamente o software instalado no centro mediante dúas liñas de

acción:

- A implantación do sistema operativo Linux en todos os equipos do centro ademais do equipamento do proxecto Abalar.
- Naqueles casos en que por algún uso especial sexa preciso empregar software propietario, instalárase un arranque dual que permita a elección entre un sistema operativo (Linux) ou outro (Windows), sempre e cando a copia de software propietario sexa legal.
- Rematar o inventario exhaustivo da totalidade de equipos antigos e recién instalados no centro, así como doutros dispositivos (canón proxectores, escáneres, impresoras, etc.), para o cal se empregará unha base de datos actualizable na nube.
- Mellorar a cobertura da rede sen fíos de seguridade empresarial do centro (WIFI-IES-MGB-SEGURA) naqueles espazos que sexa necesario.
- Dotar de cadanseu amplificador a conexión de audio dos encerados dixitais das aulas de docencia ordinaria para que desaparezan definitivamente os habituais problemas de reprodución de son nesas aulas.
- Reestruturar e dotar de nova estética a páxina web do centro.
- Inculcar ao alumnado un uso respectuoso, responsable e solidario dos medios informáticos do centro, diminuindo no maior grao posible os danos que se poden observar nos equipamento, especialmente das aulas de informática .
- Asentar entre o alumnado a concepción do uso das TIC como un medio de formación que supere o concepto exclusivamente lúdico que ás veces se lles dá.
- Consolidar entre o alumnado un uso seguro e responsable dos medios informáticos.
- Fomentar en colaboración coa Asociación de Nais e Pais do centro o uso da ferramenta Abalar Móbil que a Consellería pon a disposición das familias.
- Incrementar, na medida das posibilidades do espazo, o número de postos de traballo nas aulas de informática, tentando acadar un mínimo de 37 equipos na aula de informática 2, o cal posibilitará que mesmo os grupos máis grandes de alumnado do centro poidan empregar unha aula de informática cun equipo por alumno.
- Mellorar a infraestrutura de rede do centro para poder estender ao alumnado a posibilidade de iniciar sesión en calquera equipo do centro co seu usuario persoal, co cal cada usuario poderá ter unha sesión única de escritorio en Linux, aumentando considerablemente a seguridade do sistema ao estar individualizado o uso dos equipos. En definitiva: que calquera software malintencionado que se instale nun determinado equipo só poida afectar a un usuario que sexa negligente coa custodia do seu contrasinal de acceso e nunca afecte a todos os usuarios que empreguen ese equipo.
- Abrir unha liña de formación no claustro, con vocación de permanencia nos vindeiros anos, que posibilite a introdución e perfeccionamento da aula virtual do centro (Moodle) como ferramenta pedagóxica de traballo diario. A día de hoxe xa se ten concedida dita liña de formación a xeito de Seminario por parte do Centro de Formación e Recursos de Pontevedra.

2.3. Obxectivos a longo prazo.

- Realizar unha serie de actividades formativas coas que dotar a todo o profesorado das destrezas mínimas coas que levar as TIC á súa práctica docente, especialmente en dúas liñas prioritarias:
 - O emprego dos encerados dixitais como medio expositivo cotián.
 - A adopción de medidas de seguridade no uso dos medios dixitais.
- Conseguir que cada docente involucrado no plan poida elaborar, con maior ou

menor complexidade tecnolóxica, os seus propios contidos e os leve á aula con éxito e seguridade.

- Establecer un sistema de seguimento e avaliación que ano a ano permita mellorar aqueles aspectos do plan que o precisen.
- Aumentar a dotación de medios informáticos no centro e, parella a ela, un uso dos mesmos o máis intensiva posible por toda a comunidade educativa.

3. Desenvolvemento do plan.

3.1. Utilización dos recursos TIC existentes no centro.

Dada a participación do centro no proxecto Abalar, en 1º e 2º de ESO hai un uso máis ou menos continuado do equipamento da dotación, tanto polo alumnado como polo profesorado.

Para os restantes niveis educativos, ao non dispoñer de equipamento de uso persoal por cada alumno, a utilización dos recursos TIC resúmese no emprego de encerado dixital conectado a PC con conexión a Internet por parte do profesorado á hora de realizar a exposición de contidos nas aulas.

En ocasións, cando o profesorado o solicita a principio de curso á xefatura de estudos, ou baixo reserva previa cando a necesidade non é semanal, o alumnado acode a algunha das 3 aulas de informática que posúe o centro a traballar os contidos das clases de xeito individual empregando recursos TIC, fundamentalmente co apoio da aula virtual (Moodle) do centro.

3.2. Organización dos espazos do centro.

Como xa se citou, en calquera aula do centro é posible a transmisión de contidos empregando recursos dixitais coa dotación de encerado dixital e PC conectado a Internet. Ao anterior hai que engadir como espazos de traballo individual dos recursos TIC por parte do alumnado os seguintes espazos:

- Aulas Abalar de 1º e 2º da ESO.
- Aulas de informática.
- Zona TIC da biblioteca.

3.3. Estratexias de coordinación e formación do profesorado.

Para un correcto desenvolvemento do plan, haberá que intensificar a formación do profesorado no manexo das TIC. Para a consecución deste plan hai unha serie de variables moi a ter en conta:

- a. Case a totalidade do profesorado do centro amosa certa predisposición a mellorar a súa formación no manexo das TIC, xa que o seu grao de motivación é moi alto ao ser conscientes da mellora que supón para a eficiencia do seu traballo.
- b. A competencia dixital aínda é nalgúns casos mellorable.
- c. As actividades formativas deben ter a maior flexibilidade posible para que se facilite a participación nelas.

3.4. Plan de avaliación.

Estableceranse 3 procesos avaliadores fundamentais:

- a. Unha avaliación inicial coa que poder albiscar as necesidades de formación do profesorado e máis de dotación de medios, así como poder establecer un calendario de actuacións.

- b. Outra avaliación sumativa á anterior ao longo do curso coa que poder reaxustar o que se estime oportuno para acadar os obxectivos a longo prazo do presente plan.
- c. Unha avaliación final no remate do curso coa que observar o grado de cumprimento dos obxectivos marcados no presente plan e analizar posibles melloras de cara a vindeiros cursos, xunto coa viabilidade dos obxectivos a longo prazo.

3.5. Difusión do plan para o resto da comunidade educativa.

Tentarase que a páxina web do centro sexa unha das principais canles de comunicación entre os diferentes membros da comunidade educativa. Para isto daráselle a estrutura axeitada que faga que cumpra os seguintes obxectivos:

- a. Punto de información actualizado sobre o propio centro.
- b. Lugar de intercambio de comunicacións entre os distintos usuarios.
- c. Soporte de aloxamento da maior parte das actividades que o profesorado pretenda levar á aula.

3.6. Fomento de valores.

Buscarase que entre as actividades que cada Departamento vaia realizando mediante o emprego das TIC se fomenten os valores democráticos, o tratamento da diversidade e a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Todo o anterior garantindo o acceso ás TIC en condicións de igualdade por parte de persoas dos dous sexos e de alumnado de diferentes condicións sociais.

3.7. Relación coa biblioteca escolar.

Aproveitando a selección do centro en cursos pasados para o Plan de Melloras de Bibliotecas Escolares, creouse no seu día un “espazo TIC” no que se instalaron en rede 7 equipos informáticos. O obxectivo desta instalación foi o de dotar á biblioteca dun espazo de consulta online para os usuarios da mesma, xa sexa nos recreos coma nas horas de clase cando o profesorado decide programar algunha sesión de docencia na mesma.

A Estrada, 16 de outubro de 2019